

nos establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís e nas infraestruturas enerxéticas e turísticas de titularidade municipal, pola que se desenvolve o Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro de 2009.

Dado que as axudas recollidas na Resolución do 20 de novembro de 2009 (publicada no DOG nº 234, do 30 de novembro), estaban integradas na Resolución do 4 de novembro de 2009 (publicada no DOG nº 231, del 25 de novembro).

Na súa virtude,

RESOLVO:

Primeiro.-Deixar sen efecto a Resolución do 20 de novembro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2009, pola que se regula a concesión de axudas por danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís e nas infraestruturas enerxéticas e turísticas de titularidade municipal, pola que se desenvolve o Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 234, do 30 de novembro.

Segundo.-Confirmar en todo o relacionado coa concesión, a Resolución do 4 de novembro de 2009 (publicada no DOG nº 231, do 25 de novembro), pola que se procede á publicidade das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 2 de febreiro de 2009, na que se regula a concesión de axudas por danos provocados en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís e nas infraestruturas enerxéticas e turísticas de titularidade municipal, pola que se desenvolve o Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro (procedemento administrativo IN532D), publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 231, do 25 de novembro de 2009.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer, se é o caso:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contando a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous

meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2009.

P.D. (Orde 30-4-2009, DOG nº 87)

José Riesgo Boluda

Secretario xeral da Consellería de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 2 de decembro de 2009 pola que se modifica o artigo 12 da Orde do 3 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

O 13 de abril de 2009 publicouse no DOG a Orde do 3 de abril de 2009, na que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración dos bens do patrimonio etnográfico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

O artigo 12 establece a documentación que deberán presentar os beneficiarios das axudas para que se proceda ao seu pagamento. Tendo en conta que na base reguladora non se considerou a posibilidade de admitir, con carácter excepcional, a acreditación dos pagamentos de contía inferior a 1.000 euros mediante xustificante de recibo do provedor, aspecto regulado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, cuxa aplicación estaba prevista na orde, considérase que, coa finalidade de non causar prexuízos aos beneficiarios das axudas, procede modificar o referido artigo 12 da Orde do 3 de abril de 2009, polo que,

DISPOÑO:

Modificar o artigo 12 da Orde do 3 de abril de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración dos bens do patrimonio etnográfico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, que queda redactado como segue:

Artigo 12º.-Xustificación e pagamento.

1. Unha vez concedida e aceptada a axuda, o seu pagamento quedará condicionado a que os beneficiarios presenten a seguinte documentación:

a) Unha memoria da actividade realizada, na que se describan todos os puntos enumerados no artigo 7º.1.h) desta orde unha vez realizada a actuación. Así mesmo, concluirase coa xustificación da adecuación da intervención ás condicións impostas na resolución da concesión. Este documento deberá ser redactado polo

director técnico das obras, agás nos casos nos que non se determine a necesidade da redacción dun proxecto técnico para as actuacións, nos que a memoria poderá ser realizada pola propiedade.

b) Unha reportaxe de fotografías en cor do ben obxecto da intervención subvencionada e que reflictan a obra realizada.

c) As copias compulsadas das facturas, ou documentos equivalentes, dos industriais subministradores ou dos contratistas das obras, así como a certificación do director das obras do gasto total realizado axustado ao proxecto autorizado, para as obras nas que se determinase a necesidade de redacción dun proxecto técnico. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e xuntaránselle, de ser o caso, os xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes. Cando o importe das facturas sexa inferior a 1.000 euros, poderase acreditar mediante xustificante do recibo do provedor.

d) Unha declaración complementaria, actualizada, do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas entidades públicas e privadas (modelo anexo II).

e) De acordo co artigo 29.4º da Lei de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, o beneficiario deberá de acreditar ter solicitado un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a realización da obra.

2. A xustificación para a percepción da axuda deberá presentarse no prazo máximo de 3 meses desde que se notificou a concesión da axuda e, en todo caso, antes do 15 de novembro de 2009.

No caso de que a xustificación fose incorrecta ou incompleta, a consellería de Cultura e Turismo poderá outorgar, nos termos establecidos no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, sempre que este prazo permita a verificación do cumprimento dos requisitos fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario de 2009.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2009.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

Orde do 2 de decembro de 2009 pola que se modifica o artigo 14 da Orde do 1 de abril de 2009 pola que se publican as bases das subvencións ás entidades sen ánimo de lucro de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

O 8 de abril de 2009 publicouse no DOG a Orde do 1 de abril de 2009, pola que se publican as bases das subvencións ás entidades sen ánimo de lucro de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

O artigo 14 establece a documentación que deberán presentar os beneficiarios das axudas para que se proceda ao seu pagamento. Tendo en conta que na base reguladora non se considerou a posibilidade de admitir, con carácter excepcional, a acreditación dos pagamentos de contía inferior a 1.000 euros mediante xustificante de recepción do provedor, aspecto regulado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, cuxa aplicación estaba prevista na orde, considérase que, coa finalidade de non causar prexuízos aos beneficiarios das axudas, procede modificar o referido artigo 14 da Orde do 1 de abril de 2009, polo que

DISPOÑO:

Modificar o artigo 14 da Orde do 1 de abril de 2009, pola que se publican as bases das subvencións ás entidades sen ánimo de lucro de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 que queda redactado como segue:

Artigo 14º-Xustificación xustificativa do pagamento.

A subvención farase efectiva sempre que na data do 31 de outubro de 2009 se tivese executada na súa totalidade a actividade especificada na solicitude a que se refire o artigo 4, e se tivese entregada completa a documentación que a continuación se relaciona:

a) Informe acreditativo de terse completado o obxecto da subvención xunto coas fotografías, notas de prensa e demais material que dea testemuña suficiente do seu cumprimento.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

A estes documentos xuntaránselle, de ser o caso, xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

Cando o importe das facturas sexa inferior a 1.000 euros, poderase acreditar mediante xustificante de recepción do provedor.

c) Certificación bancaria actualizada orixinal e acreditativa de que a conta sinalada corresponde á entidade.

d) Declaración xurada actualizada da entidade de ter ou non recibido axudas para a mesma finalidade de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e, se é o caso, contías solicitadas.

Así mesmo, e sen prexuízo do anterior, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto subvencionado das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2009.

P.D. (Orde 2-5-2009)

Antonio Fernández-Campa García Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo